

# BOLETÍN EURES-T NORTE PORTUGAL-GALICIA

## Presentación

As áreas fronteirizas da Unión Europea desempeñan un papel fundamental no desenvolvemento dun verdadeiro mercado europeo de emprego, no que as ofertas e demandas circulan libremente e os traballadores e empresas contan cun abano máis amplo á hora de elixir un posto de traballo ou de seleccionar o seu persoal.

Por outra banda, para este tipo de áreas é tamén fundamental a plena efectividade do mercado interior europeo, no que tanto empresas como traballadores poidan circular sen obstáculos e desenvolver as súas actividades a ambos os dous lados da fronteira.

Actualidade 2

Monográfico 4

Emprego 8

Novidades legislativas 10

Consultas 11

Cooperación empresarial 12

Galicia e o Norte de Portugal constitúen dende antigo unha rexión cun alto nivel de cooperación e de relacións tanto económicas como sociais, o que xustifica a existencia de servizos axeitados en materia de emprego como os que ofrece EURES, especialmente nas zonas fronteirizas.

EURES (European Employment Services) é unha rede de cooperación entre a Comisión Europea e os servizos públicos de emprego europeos dos estados membros da UE, Noruega, Islandia, Liechtenstein, Suíza e outras organizacións asociadas.

O labor de EURES consiste en proporcionar servizos de información, busca de emprego, asesoramento e contratación/colocación aos traballadores e empregadores, así como a calquera cidadán que desexe beneficiarse dos dereitos que outorga o principio da libre circulación das persoas. EURES conta con 21 servizos transfronteirizos, entre os que se atopa o do Norte Portugal-Galicia, co obxectivo de informar e axudar a resolver os problemas dos traballadores e empresas que cruzan a diario a fronteira para desenvolver a súa actividade.

A través do presente Boletín EURES-T iníciase o servizo de información que desenvolverá a Confederación de Empresarios de Galicia no marco do EURES Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia, do que é socia. Mediante esta publicación, quéreselles facer chegar de forma periódica aos empresarios de Galicia e do Norte de Portugal a situación do mercado laboral no territorio fronteirizo. Ademais, o boletín recollerá as principais novidades de ámbito europeo, estatal e rexional que resulten de interese e relevancia para a prestación de servizos das empresas e para a mobilidade dos traballadores a un e outro lado da fronteira.

### Actualidade fronteiriza

#### Nova cátedra sobre a eurrrexión

A Universidade de Vigo creou, en colaboración coa entidade financeira Caixanova, unha nova cátedra de estudos centrada na eurrrexión Galicia-Norte de Portugal. Da súa dirección encargarase o profesor José Manuel García Vázquez, comisionado de Plans Estratégicos da Universidade de Vigo.

A súa principal dedicación consistirá en afondar nas relacións entre Galicia e o Norte de Portugal, e os seus obxectivos serán:

- Ascender e divulgar a identidade eurrrexional, tanto en Galicia coma en Portugal.
- Investigar sobre asuntos de interese para a integración de ambos os dous territorios.
- Crear e desenvolver centros de documentación, bases de datos e redes académicas interdisciplinares no seo das universidades da eurrrexión.

#### A nova normativa fiscal portuguesa formúlalles problemas aos traballadores españois en Portugal

Portugal aprobou o pasado mes de xuño a *Lei n.º 22-A/2007, pola que se procede à reforma global da tributação automóvel, aprovando o Código do Imposto sobre Veículos e o Código do Imposto Único de Circulação e abolindo, em simultâneo, o imposto automóvel, o imposto municipal sobre veículos, o imposto de circulação e o imposto de camionagem.*

A devandita lei xerou unha situación comprometida para os traballadores españois, sobre todo para os que se dedican ao sector sanitario, xa que os obriga ao pagamento do imposto de matriculación dos seus vehículos. Esta situación é especialmente cuestionada no caso dos traballadores fronteirizos:

aqueles que traballan en Portugal e regresan a diario, ou polo menos unha vez á semana, ao seu domicilio en España.

Esta normativa foi obxecto de recurso xudicial por parte de certas asociacións de profesionais españois que traballan en Portugal. Así mesmo, o Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación español está a actuar pola vía diplomática para buscar unha solución ao conflito.

Por outra banda, este asunto tamén foi trasladado á Rede SOLVIT e foi obxecto de preguntas parlamentarias no Congreso dos Deputados e dunha interpelación á Comisión Europea por parte dun eurodeputado español, que cifra en 3.000 o número de galegos que cada día cruzan a fronteira de Tui para traballar en Portugal co seu vehículo particular ou o da súa empresa.

### Actualidade europea

#### O CESE emitiu un ditame sobre as eurrrexións e considera que aspectos como o mercado de traballo no ámbito transfronteirizo serán analizados no futuro.

En xullo de 2007, o Comité Económico e Social Europeo (CESE) emitiu un ditame sobre as eurrrexións. Nel descríbese en detalle a natureza e evolución, dende o seu nacemento ata a actualidade, das eurrrexións, destacando a cooperación transfronteiriza como unha das vías de impulso dende as bases da verdadeira construción e integración da Unión Europea.

Por outra banda, o ditame analiza as novas perspectivas financeiras da Unión Europea para o período 2007-2013. Nelas destaca o novo obxectivo de cooperación territorial europeo, que contará con 8.720 millóns de euros, dos que a cooperación transfronteiriza disporá do 73% dos recursos. O CESE subliña a necesidade de que as políticas

de cohesión acheguen valor engadido ás actividades transfronteirizas, e entre elas cita expresamente a promoción da mobilidade e a transparencia transfronteiriza do mercado de traballo, así como a participación dos actores económicos e sociais.

O ditame tamén aborda o novo instrumento xurídico para a cooperación territorial europea, regulando as agrupacións europeas de cooperación transfronteiriza e as posibilidades que achegará no futuro.

Outro dos aspectos analizados é a integración económica e a cohesión social e territorial no marco das eurrrexións. Na devandita análise, o CESE destaca a importancia da cooperación en beneficio das pemes no ámbito fronteirizo, e a prol da competitividade a través da dotación de servizos que favorezan a actividade económica privada, a iniciativa empresarial e a asociación de empresas

transfronteirizas, a creación de novas oportunidades de emprego e a mobilidade dos traballadores.

O CESE tamén fai unha mención expresa das lagoas xurídicas e da insuficiente harmonización en relación coa libre circulación dos traballadores fronteirizos. Neste sentido, o CESE formula a posibilidade de que o futuro Observatorio do Emprego realice un seguimento sobre a problemática do traballo fronteirizo e transfronteirizo en Europa.

No entanto, o CESE aposta pola Rede EURES como un instrumento europeo que exerce un papel central na intermediación da demanda e oferta de traballo, e destaca o seu papel e a súa función mediadora no mercado de traballo, como impulsora do diálogo social nos ámbitos transnacionais máis próximos.

O CESE considera que a cuestión transfronteiriza é de grande amplitude,

polo cal cre conveniente afondar no tema e anticipa a oportunidade de ditaminar cuestións concretas como o mercado de traballo no futuro. No Anexo ao ditame, o CESE inclúe unha relación de boas prácticas no ámbito transfronteirizo. O ditame completo e os seus anexos pódense consultar na páxina web do CESE.

En febreiro de 2008 está prevista a aprobación dun novo ditame, relativo ao documento da Comisión sobre desprazamento de traballadores de xuño de 2006: *Desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos - sacar o maior partido posible das súas vantaxes e potencial, ao tempo que se garante a protección dos traballadores* [COM (2007) 304 final].

## Europa camiña cara á creación da sociedade privada europea, que lles dará soporte xurídico ás empresas comunitarias transfronteirizas

En 2001 naceu a sociedade anónima europea, corenta anos despois de que en Europa se formulase por vez primeira a súa necesidade. Dende aquela ambiciosa proposta inicial ata a súa configuración definitiva quedaron atrás elementos importantes que foron desnaturalizando a súa autonomía totalmente independente dos ordenamentos xurídicos nacionais. No entanto, a súa creación constituíu o primeiro paso importante en canto á modernización do dereito de sociedades na Unión Europea.

Pero o Estatuto da sociedade anónima europea non se adapta ás necesidades e características da maioría de pemes da UE, que, por outra banda, representan a maioría das empresas da UE. Como exemplo, o capital social mínimo ascende a 120.000 euros. Por este motivo, véñse barallando, dende diferentes esferas, a necesidade dun estatuto específico para as pemes, que facilite a súa actividade ao longo da Unión Europea. O seu desenvolvemento podería repercutir de xeito favorable nas rexións fronteirizas como a de Galicia-Norte de Portugal.

O Plan de Acción de 2003, *Modernizar o dereito de sociedades e mellorar a xestión empresarial na UE*, propoñía a realización dun estudo de viabilidade sobre a posible introdución dun estatuto da empresa privada europea, que respondería ás necesidades das pemes que desenvolvan as súas actividades en máis dun estado membro. Tras os apoios que recibiu a iniciativa na consulta pública sobre o

Plan de Acción en 2006, o Parlamento Europeo emitiu unha resolución con recomendacións destinadas á Comisión Europea sobre o Estatuto da sociedade privada europea (SPE).

Na devandita resolución solicita á Comisión Europea que presente unha proposta legislativa sobre o Estatuto da sociedade privada europea, elaborada segundo as recomendacións incluídas na propia resolución. Entre elas, pódense destacar as seguintes:

- A sociedade privada europea debe estar regulada por dereito comunitario, evitando remisións aos ordenamentos xurídicos nacionais, para configurarse como un estatuto único e definitivo.
- Debe poder crearse *ex novo* ou a partir dunha sociedade existente.
- O capital mínimo debería ser de 10.000 euros.
- A SPE deberá ter un xerente nomeado polos socios ou na escritura de constitución, responsable fronte á sociedade civil e penalmente.
- A norma que regule a SPE debe conter un modelo de estatuto que poida ser adaptado total ou parcialmente ás formas xurídicas ás que se equipare en cada estado membro en relación coa aplicación da normativa vixente en materia de rendición de contas, lexislación penal, social ou laboral.
- A SPE debe ter capacidade para fusionarse, dividirse, trasladar a súa sede social ou cambiar de forma societaria (a sociedade anónima europea).

A Comisión Europea lanzou unha consulta pública en outubro de 2007 sobre os obstáculos que atopan as empresas, en particular as pemes, cando abordan a súa actividade a nivel transfronteirizo e sobre o contido e pertinencia dun posible Estatuto de sociedade privada europea. Con iso, a Comisión Europea pretende valorar as necesidades das pemes europeas no mercado interior e determinar se a sociedade privada europea pode ser unha solución axeitada ás dificultades e obstáculos que atopan as empresas cando operan no devandito mercado.

## Plan de traballo da Comisión Europea para 2008: impacto transfronteirizo

No Programa de traballo para 2008, a Comisión Europea inclúe entre as súas

propostas legislativas un Regulamento para o Estatuto da sociedade privada europea.

A Comisión Europea presentou o seu programa legislativo e de traballo para 2008. Entre as medidas que inclúe, destacan tres que terán impacto no ámbito transfronteirizo.

- A Comisión propondrá unha directiva pola que se modifica a Directiva 2001/23/CE do Consello sobre a aproximación das lexislacións dos estados membros relativas ao mantemento dos dereitos dos traballadores en caso de traspasos de empresas, de centros de actividade ou de partes de empresas ou de centros de actividade. O obxectivo desta reforma pasa por mellorar e completar a lexislación en canto a clarificar a aplicación da directiva ás transferencias transfronteirizas. A proposta aumentaría a seguridade xurídica para os axentes económicos e xudiciais e traduciríase en economías de custos para as empresas e nunha mellor protección para os traballadores.
- A Comisión tamén propondrá en 2008 un Regulamento para o Estatuto da sociedade privada europea. O obxectivo é aumentar a mobilidade e a competitividade das pemes europeas e, polo tanto, implicará tamén unha maior mobilidade dos traballadores. A creación dunha norma común na UE facilitaría a xestión transfronteiriza, facilitando a formación de novas empresas noutros estados membros e a reestruturación das empresas existentes en modelos máis simples. Unha norma única podería tamén reducir os custos e trámites de creación e funcionamento das empresas na UE.
- A Comisión Europea tamén elaborará unha comunicación baixo o título *Lei da pequena empresa (LPE) para Europa*. A devandita comunicación presentará unha serie de principios xerais e medidas en beneficio das pemes europeas. Entre os primeiros, atópase a redución de obstáculos á actividade transfronteiriza ou a mellora do acceso aos programas da UE e á innovación e o crecemento. Entre as medidas, atópase a mellora do acceso das pemes á contratación pública.

## A eurorrexión como marco das relacións transfronteirizas

Localizada no noroeste da Península Ibérica, a eurorrexión Galicia-Norte de Portugal determínase como un espazo de forte interrelación social, económica e cultural, cheo de oportunidades e cun gran potencial de desenvolvemento futuro. Cualidades que a converten nunha das rexións transfronteirizas máis homoxéneas e con maiores perspectivas de crecemento dentro da UE.

### Territorio e poboación

A eurorrexión integrada por Galicia e o Norte de Portugal comprende, na parte portuguesa, os distritos de Viana do Castelo, Braga, Oporto, Vila Real, Braganza e parte dos distritos de Aveiro, Viseu e Guarda. En canto a Galicia, nela intégranse as catro provincias galegas: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

O territorio conformado por ambas as dúas rexións esténdese sobre unha superficie de 51.000 Km<sup>2</sup> e concentra unha poboación superior aos seis millóns de habitantes, o que se traduce nunha densidade de poboación de 123 hab/Km<sup>2</sup>. No caso da rexión Norte de Portugal, a densidade de poboación é de 124 hab/Km<sup>2</sup>, cun total de 3,5 millóns de habitantes; mentres que Galicia posúe unha poboación de 2,8 millóns de habitantes e unha densidade de 94 hab/Km<sup>2</sup>.

A área fronteiriza, composta por 84 concellos (16 do norte de Portugal e 68 de Galicia), ocupa unha superficie próxima aos 11.000 km<sup>2</sup>. Constitúe a área de maior concentración demográfica e maior dinamismo de toda a fronteira luso-española, contribuíndo de xeito determinante á integración ibérica, moi por diante dos procesos de aproximación en curso nas rexións de Castela e León, Estremadura ou Andalucía.

	Poboación estimada por data de referencia - Poboación residente (Número)				
	2002	2003	2004	2005	2006
España	40.964.244	41.663.702	42.345.342	43.038.035	43.758.250
Galicia	2.693.733	2.699.955	2.706.126	2.712.162	2.718.490
Norte de Portugal	3.691.922	3.711.797	3.727.310	3.737.791	3.744.341
Portugal	10.407.465	10.474.685	10.529.255	10.569.592	10.599.095

Fontes: INE España: estimacións da poboación actual de España calculadas a partir do censo de 2001  
INE Portugal: estimacións anuais da poboación residente

Nos últimos anos, a poboación de ambas as dúas zonas non experimentou grandes variacións. A súa principal diferenza radica no comportamento do seu movemento vexetativo, como consecuencia das diferentes taxas de natalidade: 11‰ no Norte de Portugal (superior á media portuguesa) fronte ao 7‰ en Galicia (por debaixo da media española).

A importancia relativa de cada unha das rexións nos seus respectivos países é tamén asimétrica, xa que mentres o Norte de Portugal representa en torno ao 35% da poboación portuguesa, en Galicia vive tan só o 6,3% dos habitantes de España.

	Taxa bruta de natalidade (Nacidos por 1.000 habitantes)						
	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
España	9,88	9,98	10,14	10,52	10,65	10,75	10,92
Galicia	7,22	7,18	7,17	7,56	7,61	7,77	7,89
Norte de Portugal	12,3	11,3	11,3	10,8	10,2	10	
Portugal	11,7	11	11	10,8	10,4	10,4	

Fontes: INE España  
INE Portugal

### PIB e salarios

En canto ao PIB, a rexión Norte de Portugal achega case un 28% do PIB do seu país, mentres que Galicia representa o 5,1% do PIB español.

Ambas as dúas rexións seguen evolucións económicas distintas, pero teñen en común que se sitúan por debaixo dos niveis de desenvolvemento económico dos estados nos que se integran.

	PIB per cápita en % UE =100 (2004)
España	100,7
Galicia	81,0
Galicia-Norte de Portugal	69,6
Norte de Portugal	58,8
Portugal	74,6

Fonte: Eurostat

	Crecedemento do PIB 1995-2004 (media anual)
España	3,30
Galicia	2,67
Norte de Portugal	1,80
Portugal	2,40
UE-27	2,16

Fonte: Eurostat

En canto aos salarios, a diferenza entre ambos os dous países é notable, e ese mesmo desequilibrio reproducécese entre ambas as dúas zonas da fronteira Galicia-Norte de Portugal. Este feito avivou a mobilidade de traballadores, especialmente no sentido de Portugal cara a Galicia.

Cómpre salientar, ademais, que tanto Galicia como o norte de Portugal ofrecen niveis salariais máis baixos que a media dos seus respectivos estados.

	Retribuciones (Euros)	
España	Salario mínimo interprofesional 2007 (en cómputo mensual)	570,60
Portugal	Retribución mínima mensual garantida para 2007	403

Fontes: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales  
Ministério do Trabalho e da Solidariedade Social

## Tecido empresarial

No tecido empresarial da eurorrexión destacan os sectores do comercio, hostalería e restauración, en canto a servizos; mentres que na industria predominan as empresas agroalimentarias, téxtiles, de calzado, madeira, automoción e construción naval. É precisamente este sector, o industrial, o que achega o maior volume de emprego e vendas. A estrutura económica da eurorrexión complementábase cun peso relativamente elevado das actividades agropecuarias.

A economía galega estivo tradicionalmente condicionada pola súa localización xeográfica, distante respecto aos principais eixes de progreso. Malia iso, conseguiu desenvolver certo grao de industrialización, concentrado maioritariamente no eixe atlántico, que configuran as cidades de Vigo, A Coruña e Ferrol. Así, as empresas galegas aséntanse fundamentalmente nas provincias costeiras da Coruña (41,4%) e Pontevedra (34,5%), que experimentan, en consonancia, a taxa de crecemento empresarial máis elevada: 4,7% e 4,8% respectivamente, fronte ao 3,5% e 3% de Lugo e Ourense.

No Norte de Portugal coexisten áreas de alta actividade económica, zonas especializadas en industrias tradicionais e áreas rurais debilmente desenvolvidas. As empresas son maioritariamente pemes e conforman unha das zonas máis industrializadas do país. A situación das empresas na rexión Norte de Portugal concéntrase nos distritos costeiros, localizándose na subrexión de Grande Porto un 36,49% do total de empresas, seguida das áreas de Ave e Tâmega, cun 13,69% e un 13,63%, respectivamente.

Unha das principais características das empresas na eurorrexión é o seu reducido tamaño. En Galicia, case a metade non contan con asalariados e o 95% son microempresas, que dan emprego a máis do 26% dos traballadores. As empresas de máis de 50 traballadores representan o 0,7% e tan só 35 empresas superan os 1.000 asalariados. No entanto, estas últimas empregan o 22% da poboación ocupada.

	Réxime xeral e réxime especial da minería do carbón (2006) (Número de traballadores)				
	Total	1 a 9	10 a 49	50 a 249	250 ou máis
Galicia	753.500	198.800	193.400	150.400	210.900
A Coruña	322.100	81.100	84.800	70.400	85.700
Lugo	81.400	27.200	23.800	15.900	14.400
Ourense	76.700	23.300	21.100	15.500	16.900
Pontevedra	273.300	75.600	78.000	54.900	64.800

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales



Os datos de Portugal indican que máis do 95% do total de empresas contan con menos de 10 empregados e ocupan o 45% dos traballadores.

Só o 0,6% teñen máis de 50 empregados, que, no entanto, ocupan o 33,2% dos traballadores.

Dimensión das empresas segundo o número de empregados Portugal 2005	Número de empresas	Número de empregados
Total	1.057.158	3.680.588
Até 9	1.007.701	1.657.948
10 - 49	42.625	800.218
50 - 249	5.965	566.964
250 ou máis	867	655.458

Fonte: INE Portugal

O número total de empresas e o seu peso relativo é moi distinto en cada estado. En Galicia, a principios deste ano contabilizábanse 200.020 empresas, que representan o 6% do total en España; mentres que na rexión Norte de Portugal, a finais de 2005, rexistrábanse un total de 378.460 empresas, cifra que representaba o 31,8% do total do país.

En canto á distribución por sectores, máis do 77% das empresas galegas pertence ao sector servizos, das cales as que se dedican ao comercio representan máis da terceira parte. A construción inclúe o

14,9% das empresas e a industria supón o 7,6%.

No Norte de Portugal, o 35,6% das empresas da rexión pertence ao sector do comercio. A continuación figura a construción, cun peso relativo do 15%, e o sector da industria transformadora, que representa un 14,7% do total. En canto aos traballadores, na rexión Norte, o 47,5% da poboación faino no sector servizos, seguido do 36,6%, que están empregados no sector secundario, entendido como industria e construción.

Traballadores afiliados en alta laboral (media anual 2006) En miles				
	Total	Agricultura	Industria	Servizos
Galicia	1.032,5	89,5	301,7	641,3
A Coruña	426,9	28,8	120,4	277,6
Lugo	129,0	24,2	30,7	74,1
Ourense	108,1	7,4	33,6	67,1
Pontevedra	368,5	29,2	116,9	222,4

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

Poboación empregada segundo sector de actividade (2005) En miles				
	Total	Agricultura	Industria	Servizos
Norte de Portugal	1.797,9	231,0	712,7	854,2

Fonte: INE Portugal

## Emprego

A poboación activa na eurorrexión ascende a 3.171.000 persoas. Durante o primeiro semestre de 2007, o número de traballadores

augmentou en Galicia un 1,7%, mentres en Portugal diminuíu un 0,6%.

Poboación activa (En miles)			
Galicia			
	Total	Homes	Mulleres
2006/IV	1.273,0	703,4	569,6
2007/I	1.278,6	714,6	564,0
2007/II	1.294,2	718,6	575,6

Fonte: IGE

Poboación activa (En miles)			
Norte de Portugal			
	Total	Homes	Mulleres
2006/IV	1.989,9	1.064,3	925,6
2007/I	1.975,2	1.058,7	916,5
2007/II	1.977,1	1.062,5	914,6

Fonte: INE Portugal



En relación coa taxa de actividade, este índice sitúase no Norte de Portugal no 62,8%, mentres que en Galicia descende ata o 54,4%. Se ben a Comunidade Autónoma galega experimentou unha evolución

positiva no primeiro trimestre de 2007, na rexión Norte de Portugal este índice retrocedeu lixeiramente.

Taxa de actividade			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2006/IV	53,6	62,1	45,9
2007/I	53,8	63,0	45,4
2007/II	54,4	63,3	46,3

Fonte: IGE

Taxa de actividade			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2006/IV	63,3	70,8	56,5
2007/I	62,8	70,4	55,9
2007/II	62,8	70,6	55,7

Fonte: INE Portugal

A taxa de paro descende ao longo do último semestre tanto en Galicia coma no Norte de Portugal, situándose no 7,6% e 9,4%,

respectivamente. En ambos os dous casos, a taxa de paro feminino duplica a da poboación masculina.

Taxa de paro			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2006/IV	8,1	5,5	11,4
2007/I	8,9	6,1	12,3
2007/II	7,6	5,4	10,3

Fonte: IGE

Taxa de paro			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2006/IV	9,7	7,6	12,1
2007/I	9,5	7,3	11,9
2007/II	9,4	6,8	12,3

Fonte: INE Portugal

O nivel de formación da poboación activa en Galicia e no Norte de Portugal varía. Un dos principais elementos diferenciadores neste ámbito é que en Galicia a porcentaxe de traballadores con estudos universitarios (32,4%) é superior á do Norte de Portugal (11,5%).

En ambas as dúas rexións, obsérvase un elemento común en canto á formación da poboación activa: o maior número de mulleres con formación universitaria respecto aos homes, tanto en termos absolutos coma en termos relativos.

Nivel formativo da poboación activa En miles de persoas			
Galicia II trimestre 2007			
	Total	Homes	Mulleres
Total	1.302,6	721,0	581,6
Analfabetos e estudos primarios	187,9	109,7	78,1
Educación secundaria. Primeira etapa	418,4	255,1	163,3
Educación secundaria. Segunda etapa	273,7	148,7	125,0
Educación superior	422,6	207,5	215,1

Fonte: IGE

Nivel de escolaridade da poboación activa En miles de persoas			
Norte de Portugal II trimestre 2007			
	Total	Homes	Mulleres
Total	1.995,4	1.070,1	925,3
Ningún estudo	109,8	51,1	58,7
Básico -1º ciclo	609,1	345,2	264,0
Básico -2º ciclo	470	268,7	201,2
Básico -3º ciclo	324,8	188,4	136,4
Secundario e postsecundario	252	123,8	128,2
Superior	229,6	92,9	136,8

Fonte: INE Portugal



## Oferta e demanda de emprego

En canto ás ofertas de traballo das empresas da eurorrexión, a continuación amósanse os datos correspondentes aos meses de xuño, xullo e agosto de 2007.

### Ocupacións con maior demanda no Norte de Portugal

Nesta rexión, as ocupacións máis solicitadas foron as de operario industrial, persoal de servizos, protección e seguridade, e postos de traballo cualificado ou non do sector da construción. Esta tendencia coincide coa dos primeiros cinco meses do ano.

	Xuño	Xullo	Agosto
Operarios industriais	497	396	306
Persoal de servizos, protección e seguridade	444	484	464
Traballadores cualificados da construción e minería	381	327	333
Peóns industriais, construción e minería	365	373	293
Dependentes e vendedores	258	160	359
Empregados tipo administrativo	258	385	221
Traballadores non cualificados de servizos e comercio	250	236	197
Condutores e operadores de maquinaria móbil	219	215	190
Traballadores cualificados industria	159	241	244
Técnicos e profesionais nivel intermedio	121	185	153
Titulados medios universitarios	73	80	55
Licenciados universitarios	53	59	69

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formación Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego.

### Ocupacións con maior demanda en Galicia

En Galicia, as ocupacións máis solicitadas foron as de peón agrícola e traballadores de servizos e restauración, seguidas de empregos vinculados á construción. Durante os primeiros cinco meses do ano, a ocupación con maior demanda foi con gran diferenza a dos postos vinculados á construción.

	Xuño	Xullo	Agosto
Persoal de servizos, protección e seguridade	746	288	141
Traballadores servizos restauración	3.075	1.002	1.036
Peóns agrícolas	2.403	1.153	1.166
Traballadores construción	2.112	1.082	850
Técnicos e profesionais nivel intermedio	1.023	751	576
Empregados tipo administrativo	805	339	295
Dependentes e vendedores	351	170	338
Condutores e operadores de maquinaria móbil	836	407	620
Operarios industriais	437	399	137
Traballadores cualificados industria	379	331	599
Titulados medios universitarios	297	185	188
Licenciados universitarios	686	229	166


Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo.

Da análise das ocupacións na eurorrexión dedúcese que a demanda se dirixe principalmente cara aos profesionais con menor cualificación, entre os que destacan os vinculados á construción, sendo menor, polo

tanto, a de titulados universitarios. Os titulados medios e superiores presentan unha demanda de ocupación moi similar nos dous territorios da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.




## Ocupacións máis demandadas Norte de Portugal - agosto 2007



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego.

## Ocupacións máis demandadas Galicia - agosto 2007



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo.

## Ofertas de emprego por sector produtivo no Norte de Portugal

Na rexión Norte de Portugal, os sectores que lideraron a oferta de emprego foron o sector secundario, especialmente a industria manufacturera e a construción; e o sector servizos, dentro do cal destaca o número de ofertas de emprego do comercio, as actividades inmobiliarias e a hostalería. Esta tendencia é a mesma que nos primeiros cinco meses de 2007, nos que destaca especialmente sobre o resto a oferta da industria manufacturera.

	Xuño	Xullo	Agosto
Industria manufacturera	917	850	622
Construción	546	470	373
Comercio e reparacións	544	435	599
Actividades inmobiliarias	461	713	640
Hostalería	332	373	344
Administración pública, educación, sanidade e servizos sociais	100	98	84
Transportes, almacenaxe e comunicacións	44	77	65
Agricultura, gandería e pesca	18	22	33
Produción e distribución de electricidade, gas e auga	7	4	11
Intermediación financeira	3	-	22
Industria extractiva	5	3	5

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formación Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego.

## Ofertas de emprego por sector produtivo en Galicia

	Xuño	Xullo	Agosto
Administración pública, educación, sanidade e servizos sociais	14.226	1.841	1.710
Hostalería	2.320	799	428
Construción	1.647	1.218	1.380
Industria manufacturera	1.176	567	489
Actividades inmobiliarias	975	682	585
Comercio e reparacións	923	707	672
Agricultura, gandería e pesca	312	104	210
Transportes, almacenaxe e comunicacións	194	156	477
Intermediación financeira	43	55	41
Industria extractiva	24	28	16
Produción e distribución de electricidade, gas e auga	24	28	16


Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo.

## Novidades legislativas

En Galicia, a oferta de emprego estivo liderada neste trimestre pola oferta de emprego público. A continuación sitúanse o sector secundario, destacando a continuidade da construción; e o sector servizos, no que destacan o comercio, a hostalería e as actividades


inmobiliarias. Nos primeiros cinco meses do ano, o sector con maior oferta foi o da construción, que xunto co do comercio e as reparacións aglutinou en torno ao 75% do total.

### Sectores produtivos con maior oferta laboral Norte de Portugal - agosto 2007



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estadísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego.

### Sectores produtivos con maior oferta laboral Galicia - agosto 2007



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estadísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo.

Na eurrerxión, a oferta de emprego centrouse principalmente no sector servizos (nas ramas de hostalería, comercio e actividades

inmobiliarias) e no sector secundario (nas ramas da industria manufacturera e construción).

## Novidades legislativas

### Nova normativa en materia de subcontratación no sector da construción en España

O 19 de abril de 2007 entrou en vigor a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, desenvolvida polo Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

A devandita norma e o seu regulamento pretenden asegurar a participación de empresas nas contratacións e subcontratacións cunha mínima estrutura organizativa que permita garantir que se atopan en condicións de facer fronte ás súas obrigas de protección da saúde e da seguridade dos traballadores. Para iso, esixe o cumprimento de determinadas condicións para que as subcontratacións que se efectúen a partir do terceiro nivel respondan a causas obxectivas.

Por outra banda, esíxelles unha serie de requisitos de calidade ou solvencia ás empresas que vaian actuar neste sector e

para reforzar estas garantías demanda a acreditación da formación en prevención de riscos laborais do seu persoal, a acreditación da organización preventiva da propia empresa e coa calidade do emprego, precisando unhas mínimas condicións de estabilidade no conxunto da empresa. Por outra banda, introduce sistemas documentais e de reforzamento dos mecanismos de participación dos traballadores das distintas empresas que interveñen na obra.

As principais obrigas que recolle a normativa para as empresas contratistas e subcontratistas son:

- Acreditar a súa solvencia e calidade empresarial: de infraestrutura, de persoal e organización preventiva.
- Dispoñer dunha porcentaxe mínima de estabilidade no emprego.
- Inscribirse no rexistro de empresas acreditadas.
- Dispoñer, as empresas contratistas, dun libro de subcontratación, accesible a todos os axentes que interveñen na obra.
- Informar os representantes dos traballadores sobre as contratacións e subcontratacións da obra.

Esta norma inclúe no seu ámbito de aplicación todas as empresas que presten servizos en España, independentemente da súa nacionalidade. Por iso obriga tamén as empresas portuguesas que veñan desenvolver as súas actividades a Galicia. A disposición adicional primeira do regulamento refírese especificamente ao desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional e indica as peculiaridades en canto ao cumprimento das obrigas que establece a lei e o propio regulamento de desenvolvemento: como se debe acreditar o cumprimento das obrigas en materia de saúde e seguridade ou a inscrición no rexistro e as súas particularidades, xa que, por exemplo, este non será obrigatorio se o desprazamento non excede de 8 días.

A Consellería de Traballo pon á disposición das empresas información práctica sobre o cumprimento da nova normativa, así como o modelo de libro de subcontratación do que deberán dispoñer as empresas contratistas. Pódese acceder a toda esta información a través da web da Consellería de Traballo.

## Consultas

### Modalidades para a implantación dunha empresa portuguesa en Galicia

**Cuestión:** Unha empresa portuguesa pretende estender as súas actividades a Galicia e para iso solicita información sobre as diferentes posibilidades que ten.

**Resposta:** A implantación dunha empresa pode realizarse de diferentes maneiras, atendendo ás súas necesidades e circunstancias desta. As opcións principais son:

- Oficina de representación: a opción máis sinxela e con menos implicacións e obrigas xurídicas. A súa función é analizar o mercado sobre o que se vai traballar.
- Sucursal: modalidade de establecemento permanente na cal, a diferenza da oficina de representación, se desenvolve a actividade empresarial en toda a súa extensión de xeito habitual e continuado. A súa principal característica é a dependencia do establecemento principal e a carencia de personalidade xurídica.
- Filial: supón a creación dunha nova sociedade, conforme ao réxime xurídico español, con personalidade xurídica propia, independentemente de que o seu capital sexa estranxeiro.

As diferenzas máis importantes respecto á sucursal radican na personalidade xurídica, xa que a sucursal carece dela, e na responsabilidade, xa que a filial é a única responsable co seu patrimonio ante terceiros das súas obrigas, mentres que das obrigas asumidas pola sucursal en nome da empresa matriz responderá directamente esta.

Ademais, a filial, como sociedade independente, necesita a achega dun capital social, mentres que a sucursal unicamente necesita que a súa matriz consigne a parte do seu capital que considere pertinente.

En canto ao réxime fiscal, a filial tributaría polo imposto de sociedades como empresa española, mentres a sucursal o fará a través do imposto sobre a renda de non residentes. En calquera caso, deberase ter en conta, para os efectos fiscais, o *Convenio entre o Reino de España e a República Portuguesa para evitar a dobre imposición e previr a evasión fiscal en materia de impostos sobre a renda e protocolo, asinado en Madrid o 26 de outubro de 1993.*

### Contratación dun traballador en Portugal por unha empresa española

**Cuestión:** Unha empresa galega sen establecemento permanente en Portugal decide contratar un traballador portugués, residente en Portugal, para desenvolver alí o seu traballo por conta da empresa galega. Que obrigas ten fronte á Administración portuguesa?

**Resposta:** Trátase dunha contratación en destino e, polo tanto, non hai desprazamento. O traballador reside en Portugal e realizará alí o seu traballo, polo que estará sometido á lexislación laboral portuguesa. A empresa deberá cumprir coas seguintes obrigas:

- Solicitar un número de identificación fiscal portugués (*número de contribuínte*).
- Practicalle as oportunas retencións ao traballador e

ingresalas ante a Administración tributaria de Portugal.

- Dar de alta o traballador ante a seguridade social de Portugal e responsabilizarse do ingreso das cotas correspondentes.

Para o cumprimento das súas obrigas en Portugal en relación co traballador, e co resto de obrigas en relación coa súa actividade empresarial (fiscalidade, permisos ou licenzas...), deberá designar un representante legal neste país, que responderá solidariamente das obrigas contraídas pola empresa fronte á Administración portuguesa. O devandito representante poderá ser tanto unha persoa física como unha persoa xurídica con residencia efectiva, sede ou establecemento permanente en Portugal. Este labor acostuman desempeñalo as asesorías (*gabinetes de contabilidade*, en Portugal).



Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)  
Rúa do Vilar, 54  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: + 34 981 555 888  
Fax: + 34 981 555 882  
E-mail: [euoinfo@ceg.es](mailto:euoinfo@ceg.es)  
[www.ceg.es](http://www.ceg.es)

EURES Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia  
Ed. Ex-Alfândega. Av. de Espanha  
4930 - 677 Valença. Portugal  
Tel.: + 351 251 826 105  
Fax: + 351 251 826 104  
[www.eures-norteportugal-galicia.org](http://www.eures-norteportugal-galicia.org)

## Cooperación empresarial

A Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea pon á disposición da rede de Euro Info Centros (entre eles o da CEG) unha base de datos especialmente deseñada para potenciar as relacións internacionais das pemes.

A utilización desta ferramenta permite identificar e localizar empresas estranxeiras interesadas en establecer vínculos de cooperación con outras empresas da UE, así como promover as ofertas e demandas de cooperación daquelas empresas que se

dirixen á rede en busca de acordos de cooperación con empresas doutros países.

As modalidades de cooperación empresarial difundidas a través desta rede son: financeira, tecnolóxica, comercial ou de produción.

A continuación detállanse algúns dos perfís que promoven as empresas galegas e portuguesas:

### Portugal

Empresa dedicada á fabricación de mobles busca potenciais investidores para sanear as contas e relanzar a actividade, así como establecer acordos comerciais para distribuír os seus produtos en España, Francia e o Reino Unido.

Ref. 07/006/NEC

Empresa dedicada á produción de perfís de aluminio, extrusión, anodizado e á produción de pezas e compoñentes da industria automobilística busca intermediarios comerciais para os seus produtos.

Ref. 07/144/EC

Empresa dedicada á confección de roupa e accesorios, e provedora de servizos de bordado e gravado, busca intermediarios comerciais para os seus produtos e ofrécese como subcontratista.

Ref. 07/146/EC

Empresa dedicada ao desenvolvemento de solucións técnicas mecánicas e ao deseño e produción de pezas para a industria está interesada en desenvolver acordos de cooperación tecnolóxica e ofrécese como subcontratista.

Ref. 07/147/EC

Empresa dedicada ao comercio almacenista de bebidas alcohólicas e outras busca socios para diversificar o capital da empresa co fin de expandir a súa actividade.

Ref. 07/148/EC

Empresa especializada na produción de fogóns de aceiro para cociñas de gas, así como doutros compoñentes de aceiro, busca cooperación comercial para distribuír os seus produtos no noso país.

Ref. 07/165/EC

### Galicia

Empresa dedicada á elaboración de pastas secas de calidade superior, elaboradas con diversos ingredientes (trigo duro, ovos, espinacas, tinta, cogomelos...), busca acordos comerciais que lle permitan abrir mercado en España e Portugal.

Ref. 07/001/NEC

Empresa dedicada á venda e reparación de automóviles busca provedores ou fabricantes do sector da automoción interesados en

introducir os seus produtos no mercado galego.

Ref. 07/004/NEC

Asociación provincial de ambulancias busca interesados en adquirir ambulancias cunha antigüidade de sete anos e con material sanitario en perfectas condicións.

Ref. 07/005/NEC

Os contidos e información incluídos neste boletín, non vinculan a Confederación de Empresarios de Galicia, pois trátase dun servizo ofrecido con carácter informativo e divulgativo.

Queda prohibida a reprodución total ou parcial dos contidos do presente boletín sen a autorización da Confederación de Empresarios de Galicia.

Depósito Legal: C-4398-2007

ISSN: en trámite